

A RFG interpreta no Teatro Afundación o venres 11 temas de Sofia Gubaidulina e Shostakóvich, dúas das grandes figuras da composición musical rusa

I O concerto, cuarto da Tempada de Abonos de clásica en 2025, celébrase menos dun mes despois do falecemento da heterodoxa compositora, considerada unha das creadoras máis importantes da música contemporánea

02.04.2025. Foi, o gran compositor Dimitri Shostakóvich, un dos apoios máis importantes que a tamén compositora rusa Sofia Gubaidulina (1931-2025) tivo na súa carreira. En 1959, cando a que despois sería unha das grandes figuras da música contemporánea presentou unha das súas creacións experimentais durante exame de composición no Conservatorio de Moscova, Shostakóvich era membro do tribunal e apoiouna fronte ao resto dos presentes. A aposta de Gubaidulina pola heterodoxia non era benvida no sistema cultural daquela Rusia. Shostakóvich, que xa entón era popular e influente no país, desexoulle á creadora que continuase «pola senda incorrecta». Foi un apoio crucial na incipiente carreira de Sofia Gubaidulina. A Real Filharmonía de Galicia (RFG) preparou para o seu concerto do próximo venres, 11 de abril, no Teatro Afundación, un programa con senllas pezas de Shostakóvich e Gubaidulina. A sesión musical é a cuarta das celebradas no que vai de ano dentro da Tempada de Abonos de clásica da

Obra Social de ABANCA en Vigo. As persoas que non dispoñen de abono poden adquirir as súas entradas en Ataquilla.com.

A RFG estará dirixida no concerto por Sebastian Zinca. E contará coa colaboración, como solista, do acordeonista Iñaki Alberdi. A sesión comezará con *Frachwerk*, de Sofia Gubaidúlina, unha composición para acordeón, cordas e percusión. Completa o programa a *Sinfonía núm. 1 en Fa menor, op. 10* de Dimitri Shostakóvich. Por unha triste coincidencia, o concerto celebrárase menos dun mes despois do falecemento de Sofia Gubaidúlina en Alemaña. Heterodoxa tanto na súa faceta creativa como na súa visión política, a compositora decidiu abandonar Rusia e mudarse a Alemaña en 1992.

«Inconformistas»

O proxecto da RFG para a tempada ten por título «Inconformistas», e é neste contexto no que a formación musical compostelá preparou o programa do concerto do 11 de abril.

A Real Filharmonía de Galicia volverá ao Teatro Afundación, tamén no marco da Tempada de Abonos de Clásica, o próximo 15 de maio. A formación musical estará acompañada pola violinista Amandine Beyer e o percusionista Juanjo Guillén. Beyer é artista residente este ano na RFG. Interpretarán obras do húngaro Peter Eötvös, do compositor barroco inglés Henry Purcell, e do alemán Johann Sebastian Bach.

Desde Alemaña chega, precisamente, a formación musical coa que finaliza o primeiro semestre da tempada. Trátase do sexteto de corda Hamburger Elbphilharmonisches Sextett. Comparecerá ante o público vigués o 19 de maio. Interpretarán senllos temas do tamén teutón, e tamén procedente de Hamburgo, Johannes Brahms.

«Cultura por alimentos»

Os concertos da Tempada de Abonos de clásica forman parte do programa «Cultura por alimentos», desenvolto pola Obra Social de ABANCA en colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL). Os asistentes aos espectáculos poderán colaborar depositando alimentos non perecedoiros nos contedores dispostos para tal fin no Teatro Afundación. As doazóns serán distribuídas por FESBAL entre familias en risco de exclusión de Vigo e a súa área de influencia.

Imaxes da RFG e Iñaki Alberdi, [nesta ligazón](#)

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa [SALA DE PRENSA](#)